

Miguel Ángel Delgado González

RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente núm.: 2022/T-00093

Interesado: Miguel Ángel Delgado González

Procedemento: Acceso a información pública

Data de inicio: 04/02/2022

Con data do 4 de febreiro de 2022 recepcionouse na Secretaría xeral da Presidencia a súa solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que quedou rexistrada co número 2022/277869. A partir da data mencionada comeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O obxecto da solicitude concrétese no seguinte parágrafo:

ÚNICA.- Pagos totales anunciados por Usted en ruedas de prensa y ante los medios de comunicación realizados con fondos autonómicos, Nacionales y de la Unión Europa tramitados a través de la Xunta de Galicia y los tramitados desde las Consellerías y entes adscritos que deberían constar en los expedientes tras sus declaraciones y similares a las auxiliares cuya actividad esta centrada en la matriz HIJOS DE J BARRERAS SA y PEMEX, y cuantos créditos avalados por la Xunta de Galicia en entidades bancarias distintas en cuántas cuentas distintas se han utilizado por cargos, funcionarios y empleados públicos de la Xunta de Galicia y sus entidades dependientes?), o por adjudicaciones o cualquier otro tipo



de pagos justificados en la entidad reclamada o similares, con el mayor detalle posible en todas las Consellerías, en cada entidad adscrita o ante representaciones como la Unión Europea u otras entidades, regiones o países.

-|-

Tendo en conta que tal parágrafo fai referencia a moi distintas informacións, procede facer unha análise máis polo miúdo da súa solicitude:

- *“Pagos totales anunciados por Usted en ruedas de prensa y ante los medios de comunicación realizados con fondos autonómicos, Nacionales y de la Unión Europa tramitados a través de la Xunta de Galicia y los tramitados desde las Consellerías y entes adscritos que deberían constar en los expedientes tras sus declaraciones y similares a las auxiliares cuya actividad esta centrada en la matriz HIJOS DE J BARRERAS SA y PEMEX”*

Deste primeiro inciso dedúcese que a súa solicitude se correspondería cunha relación dos pagamentos que tivesen sido anunciados publicamente polo Presidente da Xunta e que posteriormente fosen realizados pola Xunta de Galicia ou por calquera das súas entidades instrumentais dependentes a empresas auxiliares dos sectores nos que operan as empresas Hijos de J. Barreras, S.A. y Pemex.

Considerando que no seu escrito non se cita ningunha empresa auxiliar concreta, non resulta posible identificar cales serían os pagamentos que deberían incluírse na resposta á súa solicitude.

Por outra parte, tendo en conta o número de entidades que conforman o sector público autonómico e o inxente número de empresas que realizan tarefas auxiliares nos sectores nos que operan as sociedades mencionadas, a resposta a esta parte da solicitude esixiría recabar información detallada a todos os entes que conforman o sector público autonómico, sobre todo tipo de expedientes tramitados que desen lugar a calquera clase de pagamentos a calquera empresa dos sectores nos que operan as anteditas empresas; é dicir, dar resposta a esta parte da súa solicitude esixiría a realización dun traballo ex-profeso para a elaboración dun informe ex-novo.

Considérase polo tanto que nesta parte da solicitude se incorre no suposto establecido na letra c) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, xa que a información que vostede solicita non está dispoñible senón que esixiría unha inxente labor de investigación e consulta para chegar, tras o tratamento dos

2



datos recabados, á confección dun informe específico, que non existe na actualidade, nin tería o carácter de información pública, segundo a definición recollida no artigo 13 da Lei 19/2013.

Ademais isto suporía destinar os medios da administración pública para a elaboración de informes ad-hoc para un particular, sen que esta actividade administrativa estea amparada en ningunha norma xurídica.

De acordo co previsto na letra c) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, inadmitiranse a trámite as solicitudes de acceso á información pública *relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración*.

Noutras palabras, trátase dunha solicitude de documentos que non existen: o dereito a acceder a documentos inexistentes non forma parte, evidentemente, do contido do dereito á información pública, como teñen aclarado diversas resolucións do Consello de Transparencia e da Comisión Galega da Transparencia. Neste sentido, a Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia no Expediente RSCTG 017/2018 expresa que: *"A Lei non recoñece, como é obvio, o dereito a solicitar información ou documentos que non existen, e no presente caso non existe, porque nin a normativa reguladora do suxeito incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei, nin a actividade concreta sobre a que se pide, non o esixe"*.

A finalidade da Lei é dar acceso ós particulares á información pública xa existente na administración pública, sen necesidade de realizar unha tarefa de elaboración ad-hoc. Porén, a elaboracións de novos documentos e informes - non existentes nin previstos na normativa vixente- esixiría unha inxente labor administrativa, destinando medios persoais e materiais da administración a finalidades distintas ás previstas na lei, en beneficio exclusivo dun particular.

-II-

Respecto do seguinte inciso da súa solicitude:

- *"créditos avalados por la Xunta de Galicia en entidades bancarias distintas en cuántas cuentas distintas se han utilizado por cargos, funcionarios y empleados públicos de la Xunta de Galicia y sus entidades dependientes?,"* (sic)



Deste inciso parece deducirse que a información solicitada sería a relativa a créditos avalados pola Xunta de Galicia e que se tivesen “utilizado” por cargos, funcionarios e empregados públicos da Xunta de Galicia e das súas entidades dependentes.

Considerando que a Xunta de Galicia e as súas entidades dependentes contan con miles de “cargos, funcionarios e empregados públicos” non resulta posible identificar cales serían os avais que deberían incluírse na resposta á súa solicitude.

Tal e como se indicaba no apartado anterior desta resolución, dar resposta a esta parte da súa solicitude esixiría a realización dun traballo ex-profeso para a elaboración dun informe ex-novo.

Considérase polo tanto que nesta parte da solicitude se incorre tamén no suposto establecido na letra c) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, xa que a información que vostede solicita non está dispoñible senón que esixiría unha inxente labor de investigación e consulta para chegar, tras o tratamento dos datos recabados, á confección dun informe específico, que non existe na actualidade, nin tería o carácter de información pública, segundo a definición recollida no artigo 13 da Lei 19/2013.

-III-

O último inciso do seu escrito solicita o seguinte:

- *“o por adjudicaciones o cualquier otro tipo de pagos justificados en la entidad reclamada o similares, con el mayor detalle posible en todas las Consellerías, en cada entidad adscrita o ante representaciones como la Unión Europea u otras entidades, regiones o países.”*

Esta parte da súa solicitude parece referirse ós pagamentos realizados á “entidade reclamada ou similares” (no escrito de solicitude dícese “en la entidad reclamada o similares”). Da literalidade da solicitude non resulta posible coñecer a qué entidades se refire, pero no caso de que se refira ás empresas auxiliares que se citaban no primeiro inciso da solicitude, cómpre remitirse ó sinalado no apartado I desta resolución.



RESOLUCIÓN

En consecuencia, con fundamento no disposto na letra c) do artigo 18.1 da Lei 18/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, **inadmítese a súa solicitude**, por canto non se trata dunha solicitude de información pública segundo os termos previstos no artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Presidencia

Álvaro Pérez López

